CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL DE FACHADAS, XARDÍNS E ESCAPARATES.

BASES:

PRIMERA:

Dentro das actividades de Nadal e co obxectivo de ambientar as rúas e pobos do municipio, dende o Concello de Outeiro de Rei convócase o "V Concurso de Decoración de Nadal de fachadas, xardíns e escaparates de Outeiro de Rei 2026".

Premiando a decoración que proporcione un mellor ambiente festivo.

SEGUNDA:

A temática a desenvolver na decoración será exclusivamente relativa ás Festas de Nadal. Os e as participantes terán plena liberdade en canto á técnica e estilo de decoración das súas fachadas, xardíns e escaparates , sempre que a decoración e iluminación non supoña un perigo para os veciños ou viandantes.

TERCEIRA:

A decoración deberá estar instalada e funcionando antes do **10 de decembro.**

No caso de producirse algún dano do material que forma parte da decoración e iluminación durante o período de exposición que rematará o **6 de xaneiro**, este será substituído ou retirado, sendo responsabilidade do particular que realizou a montaxe da decoración.

CUARTA:

Poderán participar no concurso todos o veciños e as veciñas censadas no Concello de Outeiro de Rei.

Cada unidade de convivencia poderá presentar unha sola folla de inscrición con dúas fotografías coa decoración de Nadal do xardín, fachada, balcón ou fiestras da súa vivenda.

Este ano tamén poderán participar os diferentes establecementos do municipio coa decoración dos seus escaparates.

QUINTA:

A inscrición será gratuíta. Tendo os/as participantes que enviar dúas fotos actuais da decoración da fachada, xardín ou escaparte ao correo electrónico xuventude@concellodeouteiroderei.org.

A foto ten que ser actual, orixinal, inédita e non pode conter persoas. A fotografía non levará marcas de auga.

Neste mesmo correo deben incluír o **Anexo I** cos datos persoais e de localización da vivenda ou establecemento.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto do **23 de novembro ata o día 10 de decembro de 2026.**

SEXTA:

Outorgaranse oito premios, coa e as seguintes dotacións económica:

DOUS PREMIOS DE: 150 €

DOUS PREMIOS DE: 100€

DOUS PREMIOS DE: 75€

DOUS PREMIOS DE: 50€

SEPTIMA:

O xurado estará composto pola concelleira de cultura dona Begoña Seco Varela e dous vogais que ela designe .

O xurado se así o estima oportuno poderá visitar as vivendas e/ou establecementos que considere necesario para unha mellor apreciación da decoración.

O fallo do xurado farase público na páxina web do Concello, antes do 10 de xaneiro de 2027.

Os/as participantes que resulten gañadores/ras autorizan ao Concello de Outeiro de Rei para poder publicar a fotografía da fachada, xardín ou escaparate nas redes sociais, videos, páxina web, ou na prensa se o Concello o estima oportuno, unha vez que se coñeza o veredicto do xurado.

OITAVA:

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, para o non establecido nas bases aceptarase o disposto pola Concellería de Cultura.

NOVENA:

De acordo co establecido no Regulamento UE2016/679 de Protección de Datos Persoais, informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Outeiro de Rei con enderezo en Praza da Vila, S/N, CP 27150, Outeiro de Rei (Lugo). Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión do V Concurso de decoración de Nadal de fachadas, xardíns e escaparates de Outeiro de Rei 2026 organizado polo Concello.

Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista unha obriga legal para elo.

Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos pódense exercer ante o Alcalde do Concello de Outeiro de Rei